

Acordo de criterios de valoración aplicados no concurso de méritos específico para a provisión de postos de traballo vacantes no cadro de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela na área de Arquivos e Bibliotecas, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1, convocado por resolución da xerencia do 4 de maio de 2023

De conformidade coa base sexta da Resolución do 4 de maio de 2023 pola que se convoca concurso específico de méritos para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario na área de arquivos e bibliotecas, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1, e tendo en conta o Baremo de méritos para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario de administración e servizos, aprobado en Consello de Goberno de 26 de marzo de 2014, a Comisión Permanente de Valoración de Méritos adoptou os seguintes acordos:

- a. Os cursos de formación sempre que sexan de formación administrativa/bibliotecaria/arquivística ou teñan relación coas funcións propias dos postos convocados. Deberán ser impartidos por escolas, centros, organismos oficiais.
- b. Non se valorarán os cursos dirixidos ao estudantado, ao persoal docente e investigador, nin á cidadanía en xeral.
- c. Polo que atinxe aos cursos impartidos, e para aqueles casos nos que resulte imposible coñecer se a devandita acción formativa tivo carácter de asistencia, acórdase valorar a formación impartida como de aptitude ou aproveitamento.
- d. Para a valoración do traballo desenvolvido do apartado 1.1, será contabilizado o tempo de servizos prestados acumulado en número de días na mesma escala / categoría, nivel e administración; dividindo posteriormente entre 30 para contar unicamente meses enteiros. As fraccións inferiores a un mes enteiro non serán valoradas.

Santiago de Compostela

A presidenta da Comisión Permanente de Valoración de Méritos

Pilar Martínez García

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA PILAR MARTINEZ GARCIA, VICEXERENTA XERAL TECNICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/11/2023 22:57:07.

CSV: 713B-A542-480E-BB88